



## CORRECCIÓN DE ERRATAS

Expediente: ocupación de dominio público portuario para a construción e explotación dunhas instalacións náutico-recreativas no porto de Cedeira (12-04-11-C-1)

Na data de hoxe o ente público Portos de Galicia tivo o coñecemento de que no procedemento aberto promovido por esta Dirección que se indica no parágrafo anterior e que foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 58 do 23 de marzo de 2011 existe unha errata no seu prego de bases.

A dita errata consiste en que na cláusula 4 do citado prego faise alusión a unha relación de documentación e de ocupacións existentes que está recollida no anexo XII, cando realmente debían pertencer a un anexo XIV que non foi incluído no conxunto de anexos do prego.

Polo exposto, corríxrase a errata detectada publicando no perfil do contratante, xunto con esta nota, o anexo XIV que conterá a documentación que pode ser consultada polos licitadores e o listado de ocupacións existentes e a súa situación administrativa aos que se refire a base nº 4 do prego que rexe o procedemento.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2011

O director

  
José Ignacio Villar García

